

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MEMORIA

DECEMBRO 2020



1. Le o seguinte texto extraído dunha nova publicada no xornal “La Región” e responde as cuestións co que lembres sen mirar o texto.

O Apalpador

Estes seres míticos fan estes días acto de presenza en toda España e baixan das pequenas aldeas do rural para celebrar estes días tan entrañables festas cos nenos.

O "Apalpador", ou tamén "Pandigueiro", de Galicia; o "L'Anguleru" de Asturias, o "Tientapanzas" de Écija, o "Olentzero" do País Vasco e Navarra e o "Tió de Nadal" de Cataluña e Aragón son parte das personaxes con arraigo que forman parte da mitoloxía e que estanse a recuperar nos últimos anos despois de que estivesen practicamente desaparecidos en moitos lugares.

Estas personaxes, con características comúns, diferencianse polo seu aspecto groso e porque levan presentes ós nenos, acompañados de entrañables cancións e produtos da terra, repartindo ledicia e ilusión e non tanto cun motivo comercial.

Algúns habitantes aínda os lembran con certo temor xa que tocaban a barriga dos nenos para comprobar se comeran todo, e no caso contrario avisaban ós Reis Magos, unha historia que foi evolucionando para adaptala ós tempos actuais.

No caso de Galicia, o 'Apalpador' ou 'Pandigueiro', como se lle coñece nas zonas máis orientais da provincia de Ourense, é unha persoa que trae agarimo e non soamente xouetes, e que lles da de xantar ós nenos alí "por onde vai para que se porten ben e teñan un ano cheo de felicidade", explicou a Efe o experto Lois Pardo.

Segundo a tradición, este carboeiro de oficio, ó que estudiou Pío Baroja, baixa as noites do 24 e o 31 de decembro a tocarlle o ventre ós nenos para saber se comeron ben durante o ano e deixarlles unha morea de castañas, algún presente, e desexarlles un Aninovo cheo de felicidade e de comida.

FONTE:

<https://www.laregion.es/articulo/ourense/historia-apalpador-y-otros-mitos-navidenos/20151229195620590343.html>

CUESTIÓNS:

- Cal é o título do texto?
- Como comprobamos que as nenas e nenos comeran todo durante o ano?
- A quen avisamos se as nenas e nenos non comeran todo?
- Que lles leva ás nenas e nenos?
- Cal é o seu oficio?
- Que noites baixa?
- Que froito lles deixa a moreas?

2. MEMORIA:

Neste exercicio traballarámola memoria. No vídeo do enlace preséntanse en grupos fotografías de distintos alimentos durante uns segundos, desaparecerán para que tentemos lembrar os que podamos memorizar e presentaranse de novo para comprobar os acertos.

https://www.youtube.com/watch?v=M3Lgig9E_Fk



Se non contamos con dispositivos de acceso a Internet, poderemos elaborar o noso propio xogo na casa. Coa axuda doutro participante o pola nosa propia conta, confeccionaremos 10 tarxetas nas que escribiremos ou debuxaremos cousas que sexan doadas de identificar a golpe de vista. Seguidamente, poñeremos as tarxetas á vista durante un minuto e darémoslles a volta para adiviñar o que estaba representado en cada unha de elas.

Podemos xogar por quendas con máis persoas ou presentar as tarxetas en grupos reducidos para facelo máis doado.

3. Une cada figura mítica do nadal co seu lugar de orixe:

Pandigueiro

Asturias

L´Anguleru

Cataluña/Aragón

Tientapanzas

País Vasco/Navarra

Olentzero

Écija

Tiό de Nadal

Ourense

4. MEMORIA VISUAL. Debaixo de estas liñas temos representada unha obra de Cassius Marcellus Coolidge, coñecido por representar nas súas obras cans xogando ao póker. Observa a pintura durante 10 segundos e trata de recordar tódolos detalles que poidas para responder as seguintes cuestións.



CUESTIÓNS:

- Cantos cans están representados na pintura?

- Cantos cadros hai nas paredes da estancia?

- Que cousas hai enriba da mesa?

- A que lado está representado o reloxo?

- Que hora marca?

5. CÁLCULO. Realiza as seguintes operacións aritméticas:

$777 + 943 =$

$934 - 643 =$

$743 + 9.140 =$

$7.700 - 4.321 =$

$6.000 + 9.999 =$

$7.800 - 6.975 =$

$7.500 + 4.200 =$

$587 - 381 =$

$3.520 + 3.555 =$

$901 - 386 =$

6. ATENCIÓN!!!! Presta atención e responde verdadeiro ou falso ás seguintes oracións:

VERDADEIRO

FALSO

A piña é unha froita cítrica

A robaliza soe habitar nos ríos

Os signos do zodíaco son 10

Betanzos foi a capital do Reino de Galicia

O caracol é unha parte do oído

O pazo de Montepío é a residencia oficial do presidente da Xunta de Galicia

O viño é unha bebida destilada

O xentilicio dos orixinarios de Mondoñedo é mindoniense.

7. Memoriza as palabras de abaixo para responder as cuestións da seguinte páxina:

LORENZO

VERMELLO

ROSA

MANDARINA

DESERTO

AZUL

PETUNIA

XERANIO

AMARELO

XIRASOL

- Cantas flores hai na lista de palabras? Cales?

- Cantas cores hai na lista? Cales?

8. ATENCIÓN!!!

- Marca cun X as tódolos 7
- Marca cun O tódolos números pares
- Conta ás veces que se repite o número 3

3	0	8	4	2	4	2
7	7	0	3	7	1	3
3	2	3	2	4	2	3
2	2	7	6	5	4	3
9	4	9	7	1	1	3
7	6	3	1	3	7	7

9. Completa con 5 palabras que rematen nos seguintes sufixo –able, -oso, -iño, -ción, cada unha das listas seguindo os exemplos que as encabezan.

-able

-oso

-iño

-ción

Contable

Agarimoso

Riquiño

Restauración

1)

2)

3)

4)

5)

10. **SUDOKUS.** Completa os seguintes Sudokus sen repetir ningún número na mesma fila, columna ou cadrado poñendo os números que faltan do 1 ao 6.

6	4	3			
2	5	1	3		
			5		2
5		2	4		6
1	2		6	4	3
4	3	6		2	

Para resolver o seguinte, hai que seguir o mesmo método pero cos números do 1 ao 9.

	4		8		9		7	
		6	7		3	4		
7								3
5			6		7			4
		4				3		
9			4		8			5
6								1
		1	5		6	9		
	2		9		1		3	

SOLUCIÓNS:

EXERCICIO 1

1. O Apalpador
2. Tocando a barroga dos nenos
3. Ós Reis Magos
4. Presentes, cancións e produtos da terra
5. Carboeiros
6. O 24 e o 31 de decembro
7. Castañas
8. Pandigueiro – Ourense
L´Anguleru - Asturias
Tientapanzas – Écija
Olentzero - País Vasco/Navarra
Tío de Nadal - Cataluña/Aragón

EXERCICIO 3

1. Sete
2. Dous
3. Cartas, fichas, vasos, botellas e un tapete
4. Á dereita
5. A unha e dez minutos.

EXERCICIO 4

$$\begin{array}{ll} 777 + 943 = & \mathbf{1.720} \quad 934 - 643 = \quad \mathbf{291} \\ 743 + 9.140 = & \mathbf{9.883} \quad 7.700 - 4.321 = \quad \mathbf{3.379} \\ 6.000 + 9.999 = & \mathbf{15.999} \quad 7.800 - 6.975 = \quad \mathbf{825} \\ 7.500 + 4.200 = & \mathbf{11.700} \quad 587 - 381 = \quad \mathbf{206} \\ 3.520 + 3.555 = & \mathbf{7.075} \quad 901 - 386 = \quad \mathbf{515} \end{array}$$

EXERCICIO 5

A piña é unha froita cítrica

Verdadeiro

A robaliza soe habitar nos ríos

Falso.

É un peixe de mar

Os signos do zodíaco son 10

Falso.

Son 12.

Betanzos foi capital do Reino de Galicia

Falso.

Foi capital de provincia.

O caracol é unha parte do oído

Verdadeiro.

O pazo de Montepío é a residencia oficial do presidente da Xunta de Galicia

Verdadeiro.

O viño é unha bebida destilada

Falso.

Prodúcese por fermentación

O xentilicio dos orixinarios de Mondoñedo é mindoniense

Verdadeiro.

EXERCICIO 6

- a) Catro: rosa, petunia, xeranio e xirasol
- b) Catro: vermello, rosa, azul e amarelo

EXERCICIO 8

3						
×	×		3	×		3
3		3				3
		×				3
			×			3
×		3		3	×	×

*O número 3 repítese 10 veces

EXERCICIO 10

6	5	3	2	5	1
2	5	1	3	6	4
3	6	4	5	1	2
5	1	2	4	3	6
1	2	5	6	4	3
4	3	6	1	2	5

1	4	3	8	5	9	6	7	2
2	5	6	7	1	3	4	8	9
7	9	8	2	6	4	1	5	3
5	3	2	6	9	7	8	1	4
8	6	4	1	2	5	3	9	7
9	1	7	4	3	8	2	6	5
6	8	9	3	7	2	5	4	1
3	7	1	5	4	6	9	2	8
4	2	5	9	8	1	7	3	6